

Acordaran que, polas tardes, cada un deles tiña dereito a se ausentar durante unha hora de traballo, para tomar un café, dar unha volta ou facer os recados que tiver que facer. Lourenzo Xis, esa hora, a maior parte das tardes, empregábaa a ir a *A Peletaría*, unha cafetaría sita na rúa da Fonte da Xá Miguela, na Dortiscivelh. Lourenzo Xis gostaba das altas e largas xanelas que tiña o local, ensinando a rúa da Fonte e a da Paneira, subindo. Chegaba sempre a media tarde, pedía un café con leite, collía un dos xornais e, ao son do munfor que sempre había, deixaba pasar a hora da que dispuña, sempre acabándoa con outro café con leite. Desde aquel día no que descubrira que andaba un paso atrás a respecto do mundo, e após estar metido no último mes na Central cal rato de biblioteca, Lourenzo Xis devoraba case literalmente os xornais que caían aos seus pés. Lía os tres máis importantes que había a nivel estatal e logo os dous con máis renome a nivel nacional. A obriga que se autoimpuxera nun principio non tardou en se transformar nun costume do cal gozaba cada día coa compañía inapelábel dun café a fumar.

Aquel día as bategadas sacodían violentamente as rúas da Dorticivelh. O sol asomaba uns instantes para dar unha tregua non pactada e logo, sen previo aviso, lanzaba de novo a través das nubes un novo ataque de pinga anodina e fresca. No momento no que Lourenzo Xis se interesaba por unha nova internacional, comezou a caer unha forte bategada. Sen saber por que, quedou a ver polas xanelas como as rúas eran lavadas pola chuva, como corrían as cheas pola Paneira abaixo, como a xente sen paraugas corría e como a que si o tiña apuraba o paso; quedou cativado pola escuridade griseira do día, polo barullliño das pingas, furiosas a bater na pedra, polo rumorexar da auga, polo rumorexar da vida. Así, cativado, foi como ollou para aquela rapariga, de impermeábel vermello, que aparecera pola primeira das xanelas da cafetaría, vindo pola Fonte; rapariga que parece non se importar pola fervenza de auga que está a caer por riba dela, e que olla para Lourenzo Xis da mesma maneira que el olla para ela: cativado. Ela segue a andar, co seu impermeábel vermello, pasando da primeira xanela, á segunda, da segunda á terceira, e desta á porta da Peletaría, pola cal entra, sen deixar de ollar a aquel home que olla para ela con ar cativado. Entra pola porta a dentro, a pingar, tira o impermeábel vermello, pendúrao no colgadouro, diríxese cara a el, retira unha das cadeiras da mesa onde el está sentado, e senta. “Olá”, di ela, ensinando un amigábel sorriso. “Olá”, di el, deixando o seu ar cativado e apropiándose dun outro sorprendido.

*Corto, 23 do Neveiro de 3729
Noite chuviñenta na cidade da chuva.*

Hai veces que a vida te sorprende. Que ti mesma te sorprendes co que fas. Falar con aquel home que non coñecía de nada naquela cafeta foi algo que, após deixalo (apampado, supoño), deixoume cunha rara sensación. Porén estou feliz e síntome viva. E se ese encontro tan inusual e sorprendente provocou este estado, benvindo sexa.

Paula Ricard deixara o traballo aquela mañá. Berrara coas súas compañeiras de traballo, berrara co encargado e até berrara co xefe. Mandou todo para o carallo. Xa non aturaba máis. As continuas horas extras, os continuos responsos dos superiores, a estúpida e continua competitividade das súas compañeiras, as continuas olladelas do encargado, a continua e medrante má hostia que se fora aloxando no seu interior desde había semanas foron os factores, os detonantes de que aquel día, aquela mañá na que Paula Ricard chegara a traballar totalmente enchoupada, deixara a todos no seu sitio, déralle unha labazada ao encargado e descargara todo o que levara tragando até esa mañá. Así que saíu pola porta a fóra, deixando aos clientes admirados e ao persoal avergoñados, todo o enfado e ira desapareceron da mente e corpo de Paula Ricard. Nese momento o sol daba unha tregua e unhas febles raiolas escorregaban por entre as nubes e embornecían o ambiente e a face da rapariga.

Colleu o primeiro eléctrico que a podía deixar preto da Dorticivelh e nela baixou, após decidir que aquela mañá ía desconectar do mundo e centrarse nela mesma. O primeiro que fixo Paula foi entrar na primeira cafetaría que lle regalou os ollos. Alí tomou unha cunca de chocolate con pementa e canela e deixou escoar o tempo lendo un libro que levaba no bolso. A aquela hora da

mañá o local estaba tranquilo, só ela e un home salpicado de canas nas mesas, e o mozo de café a ler o xornal con ar ausente. O home con canas levantouse, achegouse a ela e preguntoulle: “impórtalle se o toc’ un pouco...”, dixo mentres acenaba coa cabeza en dirección a un piano que se topaba nun recanto, circunspecto, e que até ese momento Paula non vira; “... prometo que tocarei algo discreto, pra non interrompela na súa lectura”, e sorriu. Ela sorriu tamén e abanou a cabeza, en sinal de que non lle importaba que tocara o piano. Aquel home foi cara ao recuncho, colleu un moucho, sentou nel e arrimouno ao piano, que semellaba esperar a ser acariñado. Levantou a tampa que cubría as teclas e pasou as mans por elas, suavemente, como se estivera a tocar un corpo amado ou un neno acabado de nacer. Ao pouco, comezou a rabuñar lenemente as primeiras notas dunha canción tristeira. Paula Ricard suspendeu a súa lectura e quedou a ollar para aquel home, ausente xa desta realidade e somerxido por completo noutra máis persoal e preferida. O mozo levantou o ollar e comezou a seguir coa cabeza as notas da canción. O seu ar ausente inicial foi substituído por un ollar melancólico. Neses momentos todo destilaba melancolía: as cadeiras, as mesas, o mostrador, as canecas, os espellos, as lámpadas, os azulexos, as baldosas.

Paula Ricard, durante uns intres, deixa que a melancolía, a saudade, penetren no seu ser, a posúan, conquisten cada poro da súa pel, as súas meniñas, cada un dos seus cabelos, cada dedo, cada deda, as narinas, a boca e os beizos, os pulmóns e, através dos alveolos, transportado pola sangue, a melancolía, a saudade, viaxen a cada órgano, a cada recuncho do corpo: o cerebro, o estómago, o bazo, o espiñazo... até que chega ao corazón. Chegado a este punto, Paula pecha o libro, érguese, recolle o bolso, deixa que pase un estremecer polo seu corpo, arrepíase, diríxese ao mostrador e paga ao empregado. Antes de saír do local ouve unha voz que di: “é por min, distraínte? Perdoa, mais ás veces déixome levar...”, era o home do piano. Paula Ricard ollou para el, con esa pegada de melancolía aínda, os beizos crispados: “non é vostede, son eu”, díxolle.

Bótase a andar pola rúa, salpicada de soportais. Neses momentos o sol consegue pousarse nos lastros, mollados pola recente agua, e un reconfortante fulgor asulaga o ambiente. Paula respira fundo, agradecendo a atmosfera fría e a quentura momentánea. Esquécese da melancolía, pola saudade, que pasara por ela impetuosamente. Decide seguir a gozar da mañá, e por iso non se amola cando as primeiras gotas comezan a caír. Enfiou pola rúa Reimundo Púcaro e, subindo polas escaleiras da do Encontro, baleira neses momentos, decidiu meterse nun dos múltiples museos que acubilla no seu interior a Dorticivelh.

(...)

Paula Ricard saíu do museo con ar ausente. Non pensaba en nada, quizá pensara en todo, quizá nela. Non se deu conta do escurecer do día. O sol recollía apresadamente a súa quincalla antes que as negras nubes lle pecharan o paso. Cando recollía a última raiola, do ceo comezaron a caír as primeiras pingas, primeiro con reparo, logo decididamente. Paula recibiu as primeiras gotas case con alegría; en Zedomne gostaba de camiñar baixo a chuvia. Gostaba de sentir aquela humidade percorrer o seu corpo, mollala, facela súa. Facíaa sentir parte de algo máis grande, enorme, superior a canto había encol da terra. Deixara de facelo había anos, mais agora ocorríaselle, mentres as chuvia se facía máis espesa, que talvez fora hora de recoller aquel vello costume. Sentíu a friaxe da chuvia meterse dentro dela, aos poucos. A través da xente que corría ou da que, baixo o paraguas, apuraba o paso, o seu impermeábel vermello, a moverse lento, desentoaba no medio daquela presa toda. Sentíu o seu corpo cada vez máis mollado, máis pesado. Sentíase viva, e iso facíaa feliz. Daba igual que quedara sen traballo aquela mesma mañá, tanto tiña que tardara en topar outro, non importaba que, na realidade, a súa vinda a Dorti fora unha fuxida. O que importaba era que estaba viva, que todo se podía solucionar, que o único que non tiña solución era a morte e que dese problema quería preocuparse o máis tarde posíbel.

Subindo pola rúa da Fonte da Xá Miguela, Paula Ricard olla polas xanelas dunha das múltiples cafetarías que hai na cidade vella de Dorti. Gosta da decoración, gusta do alto teito, das columniñas vermellas de madeira, dos espellos, do ar recatado.

A través da cortina de agua que cae neses momentos e do cristal da xanela do local, os ollos de Paula, baten con outros ollos. O cerebro de Paula, a alma de Paula, neses momentos pletóricos de alegría e optimismo, gusta inmenso daqueles ollos, que non deixan de ollar para ela. Paula Ricard,

sen deixar de ollar para eses ollos, decídese a entrar naquel sitio, a ollar para eses ollos, a deixar o impermeábel no colgadouro, a ollar para eses ollos, a dirixirse cara a aquela persoa, a ollar para eses ollos, a retirar unha das cadeiras do sitio onde están eses ollos, a ollar para eses ollos, a escoller o mellor sorriso espontáneo que posúe o seu repertorio, a ollar para eses ollos, e, finalmente, a ollar para eses ollos, dicer un “olá”, a ollar para eses ollos.

“que tomas?”

“eh? E... Café con leite...”

“Ai! Eu ador’o café. Se puider eu tomaba café a todas horas e de tódalas formas... Mais tamén gosto muito do chocolate. Gostas do chocolate?”

“E.. Si, tamén...”

“O certo é que hai poucas cousas que non soporte... E xa che falo de comida en xeral; odeo os pementos, i-o fígado, i-os riles... Bah! Máis nada”

“Xa...”

“Esperas a alguén?”

“Non... Só taba a le-lo xornal; logo teño que volver ó traball...”

“Traballo! Non me fales de traballo! Hoxe mandeios a tomar polo cu... Si, póñame un café duplo, grazas... Xa non aturaba máis, e logo decidín dedicarm’a mañán toda. Merézoo, non?”

“Supoño...”

“I-en que traballas?”

“Nunha librería...”

“Nunha librería! Que marabilla, non? Tod’o día rodeado de libros, de tódalas clases, tamaños, cheiros... Encántam’o cheiro dos libros, tanto vellos coma novos, parece que me din algo co seu cheiro... Unha librería... Encantaríame traballar nunha...”

“De momento non precisamos de ninguén máis...”

“Non che tab’a pedir traballo, parvo... Taba só a exprimir un desexo... Tu nunca desexache nada en voz alta?”

“Si, muitas veces...”

“Ahá! Os desexos son armas de duplo gume... grazas... Os desexos implican esperanza, e poden conducir á desespranza. Certo é qu’a esperanza é teimosa; obstinadamente agárrase ós nosos pensamentos, condiciona muitas vece-las nosas decisións, té a nosa vida mais, á final, acaba, pesarosa, soltándonos e deixando paso á desespranza; e non hai nada peor ca unha persoa sen esperanza. Que nos queda sen a esperanza? Tamos mortos...! Hum! Que bo tá o café neste sitio! Como se chama?”

“A Peletaría...”

“A *Peletaría*... É un nome intresante; seguro que lle puxeron ese nome porque antes era unha peletaria...”

“De feito, hai anos, si qu’o era...”

“Ves? Unha peletaría... Quen-o diría, non? A min encántame imaxinar o por que dos nomes das cafetarias: se a historia do nome agóchaa o dono, se o propio local, de se foi por azar, se por imaxinar, se por non imaxinar... Adoro esta cidade... Eu son de Zedomnia.”

“Xa cho notaba polo acento...”

“Tanto se me nota? Bo, tamén só levo uns mesiños... Non sei té que grau se me pegan os acentos. Coñecín en Zedomne unha rapariga á que se lle pegaban tódolos acentos do mundo: viaxaba a Llerel, víñache con acento llerelí; coñecí’a alguén de Becherne, xa tiñ’o acento barcciano... Até un día intercambiou unhas palabras cun lotoés e xa che me viñ’a falar coma el! Quedaba admirada con aquela muller... Nania, chamábase... Que será dela...?”

“Eu...”

“Vas pedir outro café? Porque eu si, espera... Olle, olle, dous cafés con leite... Xa che dixen que ador’o café. Bah! Tou empapada. Oll’as miñas mans, enrugadiñas com’unha velliña... Dime... Por que ollabas pra min así dese xeito, antes, cando taba fóra...”

“Como...? Eu... Pois...”

“A min os ollos dinme muito, muito... Unha vez tiven cun rapaz que tiñ’os ollos máis grandes e redondos que endexamais vin. Se non-o coñecías, de primeiras, semellaba ter uns ollos de asombro, com’os bebés, cando miran con eses ollos de estrea, limpos e cristalinos. Non obstante, cando profundizabas nel, e ch’abría as súas portas, e ch’envolvía co seu calor i-o seu amor, es’asombro transformábas’en curiosidade, en sabedoría, en infinito amor... A el caíaselle o amor polos costados da alma. Ía sementando amor alí por ond’ía. E todo iso transmitíanll’os ollos. Os ollos son as xanelas da alma, por elas podes ver como é unha persoa na realidade, non cres?”

“Si, pode ser...”

“É verdade; por iso, cando vin os teus ollos, non sei por que, enseguida souben que eran os dunha persoa excelente. Pódome trabucar. Non creo. Os teus ollos destilan bondade... até certa dor. Tes sofrido, verdade? Tes uns ollos cálidos e bos... Mais di: que ollabas tu nos meus?”

“... e non sei... Só vin qu’ollabas pra min e non apartabas a vista...”

“Tu tampouco”

“Non sei, cativoume o teu ollar, os teus ollos... Non sei...”

“Si qu’o sabes, outra cousa é que non mo queiras dicer”

“A ver... Eu que sei... Foi a forza que vin neles, a vida qu’adiviñei ... grazas... qu’adiviñei neles... Se callar tamén vin bondade neles, certo orgullo talvez...”

“Orgullo? Esa non ma’speraba... Bo, iso son restos do que herdei do meu pai, non fagas caso, non determina nada na miña vida...”

“Tamén vexo certa dor, certa dureza nalgunha dobradura...”

“Chiza! Aí si que me deche...”

“Non sei, quizá me trabuque”

“Non, ho... Non tentes desculpate facéndot’o despistado, dáseche mal”

“Non, non me fag’o despistado; simplemente non quero entrar onde non me chaman”

“Mais ho! Se eu aporreei a túa porta...! Riste... Tes un sorriso lindo, tímido mais lindo”

“O teu tampouco está mal”

“Tu todo é-la timidez personificada”

“Pro se non me coñeces”

“Tes razón, deixémolo así... Creo que xa é hora de marchar: xa parou de chover i-o tempo voa”

“Marchas?”

“Si. Por? Pena?”

“Home...”

“Xa nos veremos, supoño”

“Como?”

“Se é pra volver a vernos as nosas vidas farán que nos topemos nalgún recuncho dest’amada cidade. Chau!”

“Chau...”

Lourenzo Xis saíu da Peletaría distraído, recibendo de novo as febles raiolas do sol que, indeciso, non sabía se se establecer definitivamente ou se deixar ás nubes o poder. Lourenzo Xis pensa naquela rapariga que entrou e saíu da súa vida coa velocidade e a sorpresa do lóstrego. Irremediabelmente vénselle á mente a imaxe de Ofir, as palabras ditas hai anos e repetidas había pouco: *se é pra volver a vernos as nosas vidas farán que nos topemos.*